

ID#69

A Fontaneira – Baleira, 1978

Informante: Florencio López Fernández, “o cego dos Vilares”

Compilador: César Álvarez

Colección de Xosé Luís Rivas e Baldomero Iglesias

Transcrición: X.L. Rivas, rev. S. de la Ossa



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

1. María, se vas á herba
cerra ben a porteleira
que teño un xato no prado
quere entrarche na trabeira.
I eu non queiro, i eu non queiro.
2. O señor cura miroume
dixome que era galana
señor cura ...
a usté non lle importa nada.
I eu non queiro, i eu non queiro.
3. I-o cura e maila criada
van a te-los cabritiños
a criada cae de espaldas
o cura cae de fuciños.
I eu non queiro, i eu non queiro.
4. O cura e maila criada
terminaron de cocer
tiñan a leña no monte
a fariña por moier.
I eu non queiro, i eu non queiro.